

De mil amores

Mostra anual de Cedofeita

Exposición de fotografías de matrimonios.

Xaime Iglesias González

O amor non xustifica por si só a institución matrimonial pois nela concorren ademais factores de tipo social, cultural e económico. Con todo, titulamos esta exposición "De mil amores" porque pensamos que cada parella representada nela accedeu ó matrimonio ilusionada e gustosa, tal como indica a expresión. Pero ademais, xogando co significado literal das súas palabras, podemos entender, tamén, que as nosas parellas puideron casar movidas por múltiples formas de amar e variadas razóns do amor: afecto, paixón, cariño, atracción sexual, simpatía, etc.

De mil amores ofreceu imaxes de case un cento de matrimonios que, nalgúns casos, estiveron representados por dúas fotografías (a da parella e a do grupo de invitados, foto das vodas de ouro, etc) co que o total superou lixeiramente a centena de fotografías expostas. Correspondían todas elas a casamentos habidos desde finais do século XIX ata o ano 1965 e os matrimonios estaban dun xeito ou doutro relacionados con Lérez: casamentos entre veciños ou entre un consorte de Lérez e outro de fóra; parellas que sen seren da parroquia escolleron para casar a igrexa do mosteiro de Lérez pola súa singularidade e a fermosura do contorno; matrimonios que se afincaron entre nós e se consideran hoxe plenamente lerezáns; vodas habidas na emigración, etc.

Unha das parellas máis antigas era a formada por Benigna Fontenla e Manuel Iglesias que casaron en Lérez arredor de 1895. É unha imaxe que reflicte a estética do seu tempo, con chal ela, sombreiro el e ambos solemnes e elegantes. Como outras fotografías da época, non recolle o día do casamento, senón que se trata dunha foto de estudo realizada nun determinado momento da súa vida, pois, entre nós, o costume de fotografarse o día do casamento non se estendeu ás clases populares ata finais da década dos anos trinta do século pasado e aínda houbo que esperar uns anos máis para que se realizasen reportaxes de voda.



Estas comezaron a facerse na década dos corenta cunha foto dos noivos cos convidados ó saír da igrexa como puido observarse na exposición en vodas desa época celebradas tanto en Lérez como en Mourente, Marcón ou San Vicente de Cerponzóns. Isto non quita que, nos núcleos urbanos, as familias acomodadas xa fixesen fotografías de voda, tal vez con reportaxe incluída, a comezos do século XX.

A foto de Dolores Almón e Modesto Castro -que casaron en 1940- é a imaxe máis antiga dun matrimonio ataviado con vestimenta nupcial. Daquela, o noivo vestía traxe de tonalidades escuras, camisa xeralmente branca con garavata e, as máis das veces, unha flor adornaba a lapela esquerda da chaqueta. A noiva prefería a cor negra, símbolo de seriedade e elegancia, para o traxe e o tocado e nas mans, un ramo de flores, normalmente de azar, indicador de pureza.

En liñas xerais, esta estética estivo presente entre nós nas vodas populares ata ven entrada a década dos cincuenta en que comezan a aparecer os traxes de noiva brancos, cor que puxera de moda a raíña Vitoria de Inglaterra ó casar en 1840 e que se foi estendendo por Europa e

América ó longo do século XX como sinal inequívoco de riqueza e opulencia.



A primeira noiva lerezá declase popular da exposición con traxe e tocado brancos correspondente a Áurea Iglesias González que casou no ano 1958. Claro que, segundo se puido observar na propia mostra, as noivas das clases máis podentes e as das clases populares na emigración xa casaban con traxes brancos, nalgúns casos incluso con cola, a comezos da década dos trinta, como por exemplo, Concepción Correa e Demetrio Veiga que casaron en Vigo en 1932 e Bethy, neiorquina de ascendencia rusa, e Ángel Iglesias, lerezán do Arco, que casaron en 1930 en Nova York, a onde o glamour de Hollywood chegara antes cá Europa. Xa na década dos sesenta, as noivas van vestidas de branco, sen distinción de clase social, aínda que tiveron que pasar uns anos para que esta cor deixase de ser considerada como símbolo de inocencia e virxitude.



As vodas na emigración americana ofrecen unhas peculiaridades dignas de seren comentadas. É curioso constatar como mozos e mozas que vivían en zonas galegas próximas foron coñecerse na América. Así lles aconteceu, por exemplo, a Benito González, de Marcón, e a Digna Blanco, de Lárez, que comezaron a relacionarse nos bailes do Centro Gallego de Montevideo. Ademais, Digna celebrou a despedida de solteira coas súas amigas. Era o ano 1959.



Aquí, por estas datas, era imposible soñar que as mulleres prometidas puidesen realizar tal festexo. Tamén na América, as cerimonia civil e relixiosa estiveron separadas moito antes ca en España. En Arxentina, por poñer un caso, xa en 1930 todas as parellas casaban polo civil e só os que o desexaban facían tamén pola Igrexa. En España houbo que esperar a tempos democráticos para que os cidadáns tivesen liberdade para elixir o tipo de cerimonia de acordo coas súas ideas. A emigración americana supuxo nalgúns casos a realización de vodas por poderes como fixeron Juanito Eiras e Mercedes Gil que se namoraron en Pontevedra, pero como el emigrou ó Brasil, casaron por poderes en 1951.

Na cerimonia celebrada na igrexa de Mourente a representación do noivo ostentouna o seu veciño e amigo, José González.



Como se ve, detrás de cada foto hai unha historia, na que o amor está sempre presente. Mercedes Canosa Casás e Severiano Canosa Casalderrey, sendo noivos formais, enfadárose. Entón Mercedes, con decisión e pena de amor, acordou marchar para Arxentina onde tiña un familiar. Severiano, que non quería perdela, veu da Coruña, onde cumpría a mili, para evitar que se fose, pero cando chegou, Mercedes xa embarcara en Vigo. Tan pronto como puido marchou en busca dela. Atopáronse en Buenos Aires, reconciliáronse e alí casaron polo civil en 1930.

Noutros casos, a historia de amor resulta máis visible pola forma de namorar. Carlos Jáudenes, zamorano apaixonado da nosa terra, conquistou a Maruja Moreira (que así se coñecía a M^a Victoria Peña Moreira, filla de Valentín Peña, impulsor do movemento agrario galego) vindo desde Pontevedra, onde traballaba de funcionario municipal, a Lérez no cabalo Itala e enviándolle cartas de amor polo Pícolo, veciño da Ferreira, ata que casaron en Cordeiro-Valga en 1922.



Tamén Carmen Moldes, de Lérez, e Ernesto Abella, de Belorado (Burgos), teñen unha historia singular. Coñecéronse por correspondencia cando o noivo de Carme, que cumpría a mili na Escola Naval de Marín, se lesionou na man dereita e lle pediu ó compañeiro e amigo Ernesto que lle escribise a Carme, daquela a súa noiva.

Un día, este díxolle se tería unha amiga con quen cartearse e a propia Carmen, talvez seducida pola expresividade de Ernesto e, se cadra, albiscando as súas calidades persoais e amatorias, escribiulle baixo o nome dunha suposta amiga. El, despois de recibir varias cartas, non tivo dúbida de que Carmen e a amiga eran a mesma persoa. Entón, propúxolle unha cita que ela aceptou. No decorrer do encontro, aclarouse o enredo e formalizaron un noivado que culminaría en voda

Outras veces, na historia, sen menos cabo do amor, destaca a penuria de certos tempos pasados e a solidariedade dos amigos.

Dolores Paz e Antonio Abilleira cando casaron, aproximadamente en 1938, non fixeron fotografía do enlace a causa da miseria derivada da guerra. Poucos anos despois, un amigo de Antonio pintoulles un cadro (a partir dunha foto pequena que fixera a parella) onde aparece o matrimonio perfectamente recoñecible e Dolores cun tocado de noiva e un ramo de flores.



Maruja e Carlos



Dolores e Antonio



O total das fotografías expostas en "De mil amores", acompañadas dunha micro-historia identificativa, mostráronse en doce paneis e tiveron como complemento un traxe de noivo e outro de noiva dos anos 1954 e 1963 respectivamente, o enxoval dunha noiva para a primeira noite de voda do ano 1932, luvax e coroa de noiva, así como tarxetas de invitación e de menú de banquete. O conxunto amosouse ó público no mosteiro de Lerez durante os días 3, 4, 5 e 6 de agosto de 2007.

